

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2010/41-5

Ano	2011
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE BUEU, LOURIZÁN, MARÍN, PONTEVEDRA, PORTONOVO E RAXÓ
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE ALGAS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	<i>Undaria pinnatifida</i> , <i>Laminaria ochroleuca</i> , <i>Gelidium spp</i> , <i>Gracilaria gracialis</i> , <i>Chondrus crispus</i> , <i>Mastocarpus stellatus</i> , <i>Gigartina spp</i> , <i>Ulva spp</i> , <i>Ascophylum nodosum</i> , <i>Fucus spiralis</i> .
Ámbito do plan	Interior das liñas imaxinarias de Pta. Faxilda a Pta. Centolo, de Pta. Galera a Pta. Couso e de Pta. Couso a Pta. Preguntoiro. Cara oeste das illas Ons e Onza.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/habilitacións
-	6	13
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	149										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de marzo a setembro.										
Modalidade⁽³⁾	mergullo con subministro de aire dende superficie										
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	Novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X			

Topes de captura ⁽⁶⁾ (ver consideracións respecto ás especies autorizadas)			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Algas (conxunto das especies)	-	450 kg	150 kg

Artes a empregar	mergullo con subministro de aire dende superficie
-------------------------	---

Puntos de control	Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo
Puntos de venda	Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												



Outras consideracións:

Ámbito do plan: para evitar o solapamento co plan de algas da confraría de Aldán, o plan apróbase para a mesma zona que en anos anteriores, e dicir: De Pta. Faxilda a Pta. Centolo, de Pta. Galera a Pta. Couso, de Pta. Couso a Pta. Preguntoiro, así como a costa oeste das Illas Ons e Onza.

Recoméndase o establecemento de 5 subzonas de extracción, de maneira que na apertura deben definir as áreas que desexan explotar.

Dende o ano 2003, data en que se asina o primeiro plan, non houbo extraccións.

Especies: A relación de especies proposta é un listado florístico, varias destas especies están vendo limitada a súa área de distribución e as especies máis explotadas para a obtención de carraxenatos deberían extraerse cunha previa avaliación do recurso.

Limítanse as especies que figuran na proposta do plan, ás que teñen interese comercial segundo a información remitida polas empresas transformadoras de algas, quedando como especies autorizadas: *Undaria pinnatifida*, *Laminaria ochroleuca*, *Gelidium spp*, *Gracilaria gracialis*, *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus*, *Gigartina spp*, *Ulva sp.*, *Ascophylum nodosum*, *Fucus spiralis*.

Cotas máximas de captura: Advírtese que de conformidade co artigo 4º.1 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 272/2002, do 11 de xullo, o tope de captura é por especie, mariscador e día.

Fixándose uns cupos de 450 kg por embarcación, e 150 kg por tripulante debidamente enrolado e a bordo/día.

Horario de traballo: Lémbrese que de acordo co Decreto 424/1993, o horario para o marisqueo desde embarcación será de 8 a 14 horas, polo que non se acepta o horario proposto no plan (9:00 a 15:00 horas).

Punto de control: Presentan como puntos de control as Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo, sen detallar o seu funcionamento.

Actividade de mergullo:

O informe da actividade de mergullo de data 12.11.2010 é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, coas seguintes especificacións:

-
-
-
-
-

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Deberán achegar, antes do inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:



- Coa primeira solicitude de apertura deberán achegar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.
- A aprobación da proposta de plan polos órganos de goberno de tódalas confrarías, excepto Bueu.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Realizar unha avaliación do recurso con anterioridade ao inicio da explotación, en particular de *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus* e *Gigartina spp.* por seren as especies máis explotadas para a obtención de carraxenatos.
- Subdivisión do ámbito do plan en 5 subzonas de explotación
- Presentar un plan financeiro mais completo.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas: A Administración do P.N: das Illas Atlánticas emitiu con data do 29 de novembro de 2010, informe respecto ao plan presentado. Entre as observacións recollidas no informe:

- Soamente se permite a extracción de algas alóctonas e recoméndase que se centre na recolección de *Undaria pinnatifida* , especie alóctona e así contribuír a evitar a súa presenza no Parque Nacional xa que é unha especie introducida sen interese ecolóxico para o P.N.
- Que a recolección de algas se realicer manualmente, de maneira que non se provoquen impactos negativos nos fondos mariños do Parque.
- Infórmase desfavorablemente a extracción nas zonas de máerl